

CLÉMENT MAROT

# BRASÓN DA TETIÑA FERMOUSA

Tradución e introdución :  
Henrique Harguindey Banet



Esta obra é distribuída baixo licenza Creative Commons 2.5 Citar como Clément Marot :  
*Brasón da tetiña fermosa*. Tradución ao galego de Henrique Harguindey  
<http://palabrasdesconxeladas.gal>

## CLÉMENT MAROT E OS BRASÓNS DO CORPO FEMININO

Clément Marot (1496-1544), destaca como un dos máis importantes poetas franceses nunha época particularmente fértil e creativa daquela literatura, o século XVI.

Medra nun medio familiar cortesán pois seu pai –Jean- é poeta oficial da duquesa Ana de Bretaña e do seu esposo, o rei de Francia Luis XII. Ao morrer este, Jean Marot entra ao servizo do sucesor, Francisco 1º, ao que serve coas súas composicións.

Clément fórmase de rapaz na arte poética dos *Rhétoriciens*, unha poesía chea de virtuosismo técnico e lingüístico, que máis tarde os poetas de *La Pléiade* (Ronsard, du Bellay, Baïf, etc) acusarán de ser pouco máis ca baleiros fogos de artificio. Axiña o mozo Marot solta lastre e dá paso a unha poesía persoal, chea das súas vivencias e impregnada de sentimento, lixeireza e humor, sen perder porén calidade na súa composición.

A súa vida foi ben azarosa. Protexido por Margarita de Angulema –irmá do rei, muller moi culta e protectora de humanistas e escritores perseguidos- e despois polo propio Francisco 1º -o « pai e restaurador das Letras »- non por iso se librou da prisión, onde estivo varias veces debido á súa liberdade de pensamento, de creación e de actuación. Foron cortos os períodos de calma palaciana na súa existencia fronte á constante fuxida para poder sobrevivir á represión inquisitorial. Ora á corte de Margarita (convertida en raíña de Navarra), ora á da duquesa de Ferrara, ora a Venecia, ora a Xinebra...

O poeta sofre directamente os abalos e mudanzas da política relixiosa da monarquía francesa. A tradicional tolerancia e protección dos evanxelistas e heterodoxos -acorde coa política galicana dos reis de Francia e o pulo do « paganismo » no retorno do mundo grecolatino- ten reviravoltas represoras nas vitorias da ortodoxia ultracatólica. Sen suporen a imposición permanente do clima de ferro e fogo que coñecen outros países, estes son, con todo, sangentos abondo e causan numerosas vítimas.

A obra poética de Marot é variada pois practica diferentes xéneros : balada, rondó, canción, soneto, elegía, epigrama... mais onde maiormente triunfa é no o *épître* -longa tirada de versos de carácter epistolar- que el sabe compór con xeito e ironía solicitando intercesión ante os reveses e o acurramento. E non debemos esquecer as súas traducións ou versificacións, como as dos *Salmos* do rei David, que aínda hoxe son cantadas nas igrexas protestantes.

Humanista e humano, Marot é ante todo, un home libre nas súas crenzas e na súa vida, aínda que se vexa forzado a solicitar a protección dos poderosos.

Ocórreselle ao poeta utilizar o brasón –ata entón empregado para exaltar os escudos de armas da « nobreza » ao describilos- en reivindicación doutra nobreza :

a do fermoso corpo feminino. Moi axiña o seu *Brasón da tetiña fermosa* espállase e popularízase, e os poetas –cortesanos ou burgueses, recoñecidos ou amadores, laicos ou membros do clero- comezan a compór brasóns das diferentes partes do corpo da muller nunha topografía exhaustiva : os cabelos, a fronte, a orella, o nariz, a meixela, os dentes, os mamilos, o corazón, o embigo... E das súas emisións : bágoa, suspiro, voz... Ou aínda máis : das súas cualidades e atributos, (o honor, a graza) para chegar a adovíos e auxiliares (o anel, o prendedor, o espello). O xénero do « brasón do corpo feminino » está lanzado, aínda que algúns poetas –todos homes- non concreten, prudentemente, o xénero dese corpo ou se refiran ao deles en particular. Se cadra esta prudencia e mais a aparición festiva e denigratoria do contrabrasón – tamén utilizado por Marot no da *Tetiña fea* – garantiu, paradoxalmente, a tolerancia ante o novo xénero (ou xogo) literario. Xénero que volvemos atopar no poema de Paul Éluard *A curva dos teus ollos* ou no de André Bretón *A unión libre*.

A louvanza do corpo feminino constitúe un chanzo máis na ascensión da muller ao pleno recoñecemento da súa condición, ao pleno uso da súa liberdade. Da muller portadora do pecado e instrumento do demo -só redimida pola virxinal criatura celeste- pasárase á muller idealizada e distante da dama cabaleiresca e á muller inexistente da abstracta alegoría poética. Mesmo sendo dona e señora no papel, o seu reino tampouco era deste mundo. A muller que estoutra louvanza canta, ten, pola contra, corpo material, carnal, e manda nel. Certo é que non dunha maneira homoxénea na sociedade, só en certa capa social e en países e momentos concretos, mais en moitos ambientes renacentistas, coas súas cortes e palacios italianos e franceses, a muller non é simple elemento decorativo, quer nas pinturas das paredes quer nos corpos en tráfego, senón suxeito ceibe e ama dela propia.

Esta asunción do propio xénero esténdese pola burguesía, como nos amosa – tanto se existiu realmente como se foi creación simbólica dun grupo de poetas- a tamén renacentista Louise Labé cando reclama o dereito ao pracer e o gozo.

A poeta Louise Labé, a quen -ao parecer- Clément Marot lle adicou un coñecido epigrama laudatorio.

## BRASÓN DA TETIÑA FERMOUSA

*Tetiña tan feita, máis branca ca un ovo,  
tetiña dondiña de satén ben novo,  
tetiña que fas avergoñar a rosa,  
tetiña, eu non vexo cousa máis xeitosa.  
Tetiña dureira, ou mellor, seguro,  
tetiña que é bóla de mármore puro  
no medio do cal atopa acomodado  
quer unha cereixa, quer un amorodo  
que ninguén dá visto nin ninguén tocado;  
iso évos ben certo, déixoo asegurado.  
Tetiña que acaba en punta vermella,  
tetiña que sempre inmóbil semella,  
vaía ela en camiño, veña de regreso,  
correndo ou bailando sen ningún receso.  
Tetiña da esquerda, teta churrusqueira,  
por sempre arredada da outra compañeira,  
tetiña que fiel nos transmite a imaxe  
sobre a natureza do seu personaxe.  
Canto máis te vemos máis temos afáns  
de te apreixarmos entre as nosas mans,  
de te agarimarmos, de te acariñar,  
máis cómprenos siso e a ansía abaiñar,  
sen nos achegarmos, mantendo o decoro  
pois senón viría un novo degoro.  
Tetiña que non es grande ou pequena,  
tetiña madura e tetiña nena,  
tetiña que berras de noite e de día:  
« Casádemme axiña, casar eu quería ! ».  
Tetiña que te enches respirando a gusto  
e avanzas de a feito, fachendoso, o busto,  
feliz, con razón, a aquel han chamar  
que toda de leite te saiba colmar,  
facendo a novel tetiña doncela  
tetiña muller, plena, enteira e bela.*

## BLASON DU BEAU TETIN

*Tetin refaict, plus blanc qu'un oeuf,  
Tetin de satin blanc tout neuf,  
Tetin qui fait honte à la rose,  
Tetin plus beau que nulle chose ;  
Tetin dur, non pas tetin, voyre,  
Mais petite boule d'Ivoire,  
Au milieu duquel est assise  
Une fraize ou une cerise,  
Que nul ne voit, ne touche aussi,  
Mais je gaige qu'il est ainsi.  
Tetin donc au petit bout rouge  
Tetin qui jamais ne se bouge,  
Soit pour venir, soit pour aller,  
Soit pour courir, soit pour baller.  
Tetin gauche, tetin mignon,  
Tousjours loing de son compaignon,  
Tetin qui porte temoignaige  
Du demourant du personnage.  
Quand on te voit il vient à mainctz  
Une envie dedans les mains  
De te taster, de te tenir ;  
Mais il se faut bien contenir  
D'en approcher, bon gré ma vie,  
Car il viendroît une aultre envie.  
O tetin ni grand ni petit,  
Tetin meur, tetin d'appetit,  
Tetin qui nuict et jour criez  
Mariez moy tost, mariez !  
Tetin qui t'enfles, et repoules  
Ton gorgerin de deux bons poules,  
A bon droict heureux on dira  
Celluy qui de laict t'emplira,  
Faisant d'un tetin de pucelle  
Tetin de femme entiere et belle.*